

As úberes do medo

Se isto é vivir... eu vivo
vivo aínda
neste val de viventes espantallos
munxidores das úberes do medo,
mais a xeito dun prófugo da morte,
que por teima dos outros
houbo de recuncar quixera ou non,
nos arriscados xogos de facer
ventureiro rescate da súa vida.

Experimentei en quente catro veces
mal gobernada Dona da Gadaña!
o axexo dos teus tarsos...
nos meus pasos,
e o tronce dos aceiros tolleodres
ou a facer peneira no meu coiro,
ou a trillar meus osos
e deixar debulladas pola area
espigas do meu sangue.

Fuxir fuxín con vida...
non sei como,
aos tiros dunha banda arremesados
e os pelouros da outra,
para aboiar despois facendo o morto,
como cortiza a flote
mexida no ir e vir de cada ola,
sen bourel de loureiro
ao pairo polas augas de ninguén.

Cando a febre do chumbo viña a menos
ou viraban as lúas,
seus ferrollos abrían as cadeas

ou súas soidades os destellos,
e non faltaban no poleiro galos
con gorxa de papel de oficio chea,
para me pór á sombra
ou me liscar co demo unha tempada.

Escomasí o meu remorso sinto
de non ter até agora merecido
tantos fanados holocaustos
e condecoracións do... revirallo,
tanto calafateo de suturas
e versiculación de cicatrices,
tanto derramamento de garoubas
que atinguiron os brancos
e marraron no fin,
tanto xemer de folios e de ferros
mexido contra aquilo...
que non fun.

Farei nunca reconto dos aldraxes
que nas táboas da lei que o pobo dita
non teñen cabemento
ou son aínda máis que mágoa honra.

Un non ha ser tan solo
a suma do que quixo e do que fixo,
illado na súa illa,
a forza remador contra corrente,
pois os rodicios da inxustiza allea,
contra do non querer do muiñeiro
tamén moen para un.

O tempo foi correndo
nos reloxos sen corda moitas veces,
e nas vísperas de días que virán

van indo xa de seca pouco a pouco
as úberes do medo.

Pois mentres agardamos, agardamos...
a mudanza do sino,
eu confesar quixera boamente,
que se non fixen da desgraza sorte,
sempre tomei a ben aquilo todo
que por mal me foi feito.
Algún refrán dixo de vellos que...
cando non nos acaban
tanto os paus como as dores fortalecen.

[Vigo, 1966]